

# CAUSAS COMÚNS 2015

## GUINEA BISSAU-GALICIA

Gabriel Tizón

### INTENCIONALIDADE E CONTEXTO

O proxecto **CAUSAS COMÚNS** naceu cun obxectivo claro: **informar e sensibilizar a través da fotografía como idioma común**, tanto ao pobo galego como ao de Guinea Bissau, do cada vez máis evidente incumprimento dos Dereitos Humanos tanto en África como en Europa. A vivenda, o traballo, a comida, a xustiza... Son xa artigos de luxo, non só nos "países pobres" ou empobrecidos.

**CAUSAS COMÚNS** é unha ponte entre Bissau e Galicia, un diálogo sinxero e horizontal, sen disfraces, que denuncia os graves abusos de Dereitos Humanos no contexto europeo e africano, subliñando a traxedia política e humanitaria nas fronteiras europeas.

**CAUSAS COMÚNS** fala da interdependencia entre as distintas zonas do planeta, desde a débeda externa ata o cambio climático, desde a pobreza enerxética ata a desnutrición infantil ou aos efectos das patentes farmacéuticas.

**CAUSAS COMÚNS** foxe dos discursos tradicionais e dirixe a conversa na procura da empatía e comprensión entre as persoas de dous continentes tan afastados e ao tempo tan próximos.

**CAUSAS COMÚNS** foi financiado en 2015 polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e o Concello de Pontevedra.

### PRIMEIRA PARADA: GUINEA BISSAU. XANEIRO 2015

A **exposición fotográfica 'Europa, realidade dun soño'** presentouse o 7 de xaneiro de 2015 en Bafatá (Guinea Bissau) coa participación de máis de 300 guineanos e guineanas, ás que se sumaron centos e centos de persoas no tránsito da exposición, que aínda continúa, por distintas vilas e comunidades do país.

Despois de experiencias anteriores en Guinea Bissau e noutras zonas do continente africano baixo a lóxica de Causas Comúns, son moitos os habitantes que recoñecen non ser conscientes desta realidade, dunha Europa chea de dificultades económicas e sociais, o que nalgúns casos lles fixo reflexionar e reconsiderar a súa decisión de emigrar.

Gabriel Tizón e a traballadora social Rocío Botana, permaneceron en Bissau até o día 27 de xaneiro realizando distintos obradoiros con fotógrafos locais e líderes de diferentes comunidades, ao tempo que dialogaban en contacto directo coas persoas e comunidades sobre o impacto da exposición 'Europa, realidade dun soño', da man da ONGD local ECAS.

Coa exposición 'Europa, realidade dun soño' pretendeuse resaltar a importancia de dar a coñecer esta situación entre o pobo africano, para visibilizar ao que se enfrontan e os obstáculos que van atopar no camiño a Europa.

### SEGUNDA PARADA: GALICIA

A **exposición fotográfica 'África, soños e mentiras'**, presenta a mirada e o contacto de Gabriel Tizón con África, tras máis dunha década de viaxes por diferentes países do continente.

O encontro coas persoas, cos líderes e lideresas comunitarias e coas heroínas e héroes anónimos. As fotografías falan da historias dos soños e as mentiras do continente máis novo do planeta, onde o 40% da poboación é menor de idade.

'África, soños e mentiras' trae o diálogo de **CAUSAS COMÚNS** con Guinea Bissau a Galicia, para activar a empatía posible e necesaria entre as grandes maiorías da sociedade africana e europea.

Tras o seu paso pola cidade de Pontevedra, 'África, soños e mentiras' converterase en exposición itinerante entre as entidades socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.



## QUEN É GABRIEL TIZÓN?

Gabriel Tizón é un fotógrafo nacido en Ferrol de percorrido internacional. Con experiencia en catro continentes, obtivo premios nacionais e internacionais de fotografía e adquisición de obra por parte de coleccións públicas e privadas, españolas e estranxeiras.

Participou no xurado da primeira edición do concurso fotográfico organizado polo Fondo Galego ***Imaxes con Fondo*** en 2012 e impartiu **nove master class de fotografía social** no marco da segunda edición do concurso en 2014.

Actualmente é fotógrafo do xornal El País e outras axencias nacionais e internacionais. Podes coñecer o seu traballo na web: [www.gabrieltizón.com](http://www.gabrieltizón.com)



## QUE É O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE?

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade **naceu no 1997** e actualmente está integrado por **87 Concellos e as Deputacións da Coruña e Lugo**, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación internacional, desde o local ao global. Garántese deste xeito unha xestión profesional, transparente e planificada en torno á acción exterior de Galicia, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur e a sensibilización da sociedade galega en torno aos Dereitos Humanos universais.

Para toda a información consulta a web: [www.fondogalego.gal](http://www.fondogalego.gal) e as súas redes sociais.

Sala de Exposicións da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia



[gradoconservacionbbcc.es](http://gradoconservacionbbcc.es)